FEGABA
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

CIRCULAR Nº 5

Inscrición de equipos · competicións 2ª División Feminina e 3ª División Sénior Masculina.

TEMPORADA 2026 – 2027

DESTINO Delegacións Zonais, Clubs

ASUNTO Inscricións dos equipos participantes en competicións 2ª División feminina e 3ª División Sénior masculina.

PRAZO LÍMITE DE INSCRICIÓN

21 e 23 de setembro de 2026 ás 13:00 h

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finalizan os vindeiros días 21 e 23 de setembro de 2026 ás 13:00 horas.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo deberán inscribirse vía intranet e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación:

Plataforma de inscrición: **fegaba.gesdeportiva.es/clubes**

- **Depósito inicial ou aval bancario:** xustificante do ingreso bancario a nome da FGB polo importe correspondente, ou aval bancario segundo o modelo axunto.
- **Cota de afiliación:** a inscrición domiciliarase a través de recibo bancario.

As datas do 21 e 23 de setembro ás 13:00 h. é improrrogable para presentar esta documentación. Chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado.

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 1102-26
Fecha 15/07/2026
Dpto. SECRETARIA

CONTÍAS POR CATEGORÍA

CATEGORÍA	C. AFILIACIÓN	DEPÓSITO / AVAL	DATA LÍMITE
Liga 2ª División Feminina	138,00 €	**300,00 €**	**21.09.26**
Liga 3ª División Masculina	138,00 €	**500,00 €**	**23.09.26**

O Comité de Actividades da Federación Galega, na súa reunión, decidirá en base ás solicitudes de inscrición os equipos que participarán nas categorías de 2ª División feminina e 3ª División Masculina.

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido desta circular entre aqueles que puideran estar interesados.

Por outra banda, pedimos tamén a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía web, revisen e constaten as mesmas a través das respectivas Delegacións, dentro dos prazos establecidos e seguindo o indicado na presente circular, co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2026

Susana Fernández Fiuza
Directora Xeral · FGB